

VOLUME

Programa de Volume da PAU-M25, 2025. Orientacións para a realización da PAU-M25, 2025.

1. PROGRAMA DE VOLUME da PAU-M25. CONTIDOS

TEMA 1. A LINGUAXE TRIDIMENSIONAL

1. Forma aparente e forma estrutural.
2. Formas biomórficas e xeométricas, naturais e industriais.
3. Texturas, concavidades, convexidades, baleiro, espazo-masa, cor...

TEMA 2. VALORACIÓN EXPRESIVA E CREATIVA DA FORMA ESCULTÓRICA.

1. Materia, forma e expresión.
2. Relacións visuais e estruturais entre a forma e os materiais.
3. Relación entre estrutura, forma e función na obra escultórica.

TEMA 3. MATERIAIS NA CONFIGURACIÓN TRIDIMENSIONAL.

1. Análise dos aspectos materiais, técnicos e constructivos da obra artística tridimensional.
2. Procesos de materialización. Técnicas e procedementos de traballo.

OBXECTIVOS

O alumno deberá ter en conta os seguintes aspectos:

1) Estudio analítico das formas

- Analizar e describir gráficamente as formas volumétricas atendendo ás súas organizacións estruturais, texturas, propiedades físicas, etc. Analizando a distribución espacial das formas (tanto entre sí como no espazo que ocupan).
- Coñece-los fundamentos compositivos na obra de arte escultórica.

2) Síntese das formas

- Mediante o emprego de bocetos farase un estudio sintético da forma, demostrando así a capacidade persoal de comprensión espacial da forma.
- Capacidade de representa-lo imaxinado.

3) Realización práctica do volumen.

- Coñece-lo procedemento escollido polo alumno para realiza-la proba en

profundidade.

- Análise e interpretación da obra de arte, das vangardas artísticas e da propia obra.

BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

MALTESE, C. (1990). (Coodinador). Las técnicas artísticas. Madrid: Cátedra.

PISCHEL, G. (1982). El gran libro de la escultura desde la prehistoria hasta hoy. (3 vol) Bilbao: Desclee de Brouwer.

KRAUSS, Rosalind E. (1996). La originalidad de la Vanguardia y otros mitos modernos. Madrid: Alianza Forma.

2. ORIENTACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DA PAU-M25

Esta materia é unha materia optativa e pertence a opción A) Artes e Humanidades.

O obxectivo básico da proba é deixar constanciá da comprensión da escultura coma un medio de coñecemento, de análise e de expresión na arte.

A proba é eminentemente práctica e consiste na realización dun proxecto dunha escultura a partir da interpretación dunha imaxe proposta e dun segundo exercicio de comentario da obra artística e da súa interpretación.

Pregunta 1. Nela farase un debuxo sobre un papel formato DIN A4, cun grama-xe non inferior a 90 g/m², o papel entregarase no momento da proba.

O exercicio describirá o volume proxectado e a súa localización espacial concreta, mediante todos aqueles debuxos (bocetos, anotacións, apuntes, vistas ou perspectivas a man alzada) que o alumno considere necesarios.

A técnica a empregar será libre, debese ter en conta que estará seca no momento da entrega do exercicio na aula. Entre outras técnicas poderanse empregar técnicas secas (grafito, lapis ou rotuladores de cores, collage, carbón prensado,...) e/ou húmidas (tinta, acuarela, témpera, collage, ...) de secado rápido e natural, non se poderá usar secador eléctrico. O alumno deberá levar ó exame o material necesario para a realización da proba excepto o papel DIN A4 que entregarase no momento da realización da proba. A puntuación máxima é de **7 puntos**.

Nesta pregunta avaliarase:

- O desenvolvemento xeral da idea e o proceso creativo.
- A capacidade expresiva, creativa, de síntese e de análise das formas, tendo en conta a súa estrutura e o seu desenvolvemento no espazo.
- A claridade na presentación do proxecto proposto e a composición.
- O coñecemento da técnica empregada e o seu nivel de acabado.

Pregunta 2. Deberá realizarse dun comentario escrito que responda a interpretación realizada na pregunta 1. e na que poderá incluírse nunha análise compositiva, simbólica e técnica da obra proposta e da relación coa interpretación feita na anterior pregunta. A puntuación máxima é de **3 puntos**.

Nesta pregunta avaliarase:

- A claridade expresiva do comentario.
- A capacidade de concreción daquelas cuestións que complementen ás representadas graficamente na primeira da pregunta.
- O coñecemento da terminoloxía básica dentro do ámbito artístico.

Calquera dúbida pode dirixirse a: aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Araceli M. Liste Fernández

(Responsable do exame de Volume)